

Notas sobre de *The Western Canon. The Books and the School of the Ages*, de Harold Bloom*

Iñigo Sánchez Llama

Dende a década dos sesenta Estados Unidos asiste a unha emerxencia significativa de movementos sociais ó redor de demandas de moi diversa índole. Chicanos, afro-americanos, feministas e colectivos de gays e lesbianas, entre outros grupos, reivindicán con firmeza os seus dereitos fronte a un sistema social que ata esa época mantiña a primacía do ideal branco, anglosaxón e protestante («White, Anglosaxon and Protestant», WASP). O impacto destes movementos na vida cotiá do país permitiu significativas melloras nas condicións laborais da muller e unha paulatina incorporación das minorías étnicas por medio de programas como *Affirmative Action* («medidas a favor das minorías»). Semellantes avances de tódolos xeitos teñen maior influxo no ámbito da Universidade norteamericana. Observamos precisamente dende o decenio dos sesenta cómo os departamentos universitarios de Humanidades incorporan algunhas destas ideas na configuración das perspectivas metodolóxicas coas que agora se analiza o texto literario.

O resultado deste híbrido de influencias motiva que os críticos académicos anglo-americanos incorporen nas súas análises conceptos como «identidade», «experiencia», «subxectividade», «etnicidade» e «orientación sexual». A xénese das novas metodoloxías, dende logo, transcende ós colectivos sociais dos anos sesenta. Importante tamén resulta a aportación de feministas e marxistas xunto co influxo do post-estructuralismo francés. Convén advertir de entrada o distintos que son os trazos definidores de cada escola. Algúns enfatizan os factores ideolóxicos que conforman o canon adoptado por Occidente; outros negan a noción da «autoría intelectual» ó explicar a literatura como resultado dunhas enerxías sociais hexemónicas e existen, por último, os que equiparan nos seus enfoques a literatura canónica con fenómenos para-literarios mediante a idea do «Texto». Estes últimos críticos reproducen quizais mellor que ninguén as características do período post-modernista no que nos atopamos actualmente, época definida, segundo Fredric Jameson, pola fusión da «alta cultura» («high culture») coa «cultura de masas» («low culture») e

* Traducción realizada por María Xosé López Pérez.

o predominio da superficialidade reciclable dende os anos setenta ata os nosos días (*Postmodernism or The Cultural Logic of Late Capitalism*, 1991). A análise puntual destas metodoloxías require deslindar con grande detalle os presupostos mantidos por unhas perspectivas académicas en modo algún homoxéneas pois non todas privilexian o abandono do canon occidental nin a supresión da fronteira entre o literario e a cultura de masas.

Harold Bloom (1930-) na súa obra *The Western Canon. The Books and the School of the Ages*¹, pola contra, engloba as novas tendencias nun ideario presuntamente compartido: «derrubar o canon occidental para avanzar nos seus supostos (e inexistentes) programas de cambio social» (p. 4). O autor, eminente catedrático de literatura nas Universidades de Yale e Nova Iorque, acuña un termo provocador, *Escola do Resentimento* («School of Resentment»), na súa descrición das metodoloxías xurdidas dende os anos sesenta. Adscritos ó resentimento, segundo Bloom, pertencen as críticas literarias feministas, marxistas, deconstruccionistas, semióticas, lacanianas e foucaultianas. Atopáriamos nas institucións universitarias norteamericanas dos noventa, baixo a súa perspectiva, unha calculada estratexia por «balcanizar» os estudos literarios (p. 517) baixo o influxo de resentidos intelectuais xurdidos do post-estructuralismo francés e os activistas de esquerda máis radicais. Bloom tamén denuncia a existencia dunha alianza encuberta entre este tipo de *Estudios Culturais* (Cultural Studies) e as manifestacións máis comerciais da cultura masiva, basicamente, series de televisión, videoclips musicais e outros produtos dirixidos á vista en detrimento da profundidade conceptual e calquera tipo de esforzo cognitivo (pp. 35, 422).

A cruzada do estudioso fronte ó temido «multiculturalismo», descrito como un cancro maléfico e equiparado ás funestas pragas bíblicas, «anti-intelectual e anti-literario» (p. 422), e orixinador de tódalas desgracias contemporáneas dos Estados Unidos, lévano a elaborar unha alternativa esteticista fronte ós que introduciron o «politicamente correcto» nas institucións universitarias norteamericanas. Bloom define o canon occidental partindo da autonomía do estético en relación a calquera intento moralizante (p. 10). A obra contén dous extensos capítulos -«On the Canon» (pp. 13-41) e «Cataloging the Canon» (pp. 515-528)- nos que o autor describe con minuciosidade o estado da cuestión referida ó estudio da literatura de Occidente dentro dos departamentos universitarios estadounidenses. O termo empregado polo crítico, «literatura imaxinativa», refrese ós grandes textos da tradición literaria occidental non suxeitos, segundo el, ó compromiso inmediato. A grande literatura, categoriza Bloom, ademais de ser egoísta polos seus vínculos ineludibles coa forma textual, debe reproducir na súa articulación «forza estética, excelencia no dominio da linguaxe figurativa, orixinalidade, profundidade epistemolóxica e exhuberancia na dicción» (p. 29). O credo asumido polo autor remítenos á defensa decimonónica da «arte pola arte». A «Worship of art» («veneración da arte») determina o núcleo ideolóxico dende o que Harold Bloom establece o canónico e cales deben ser os criterios nos estudos eruditos sobre a «literatura imaxinativa». Non resulta grauíto que nas páxinas de *The Western Canon* o académico norteamericano recoñeza como mentor ó catedrático británico de Oxford Walter Pater (1839-1894), célebre por supeditar calquera consideración moral ou social á voluptuosidade da forma estética. Con estes vimbios

Harold Bloom tece os valores determinantes da literatura: basicamente, sublimidade e natureza representativa.

Oportuno resulta agora puntualizar algunhas das consideracións efectuadas polo autor. O necesario esteticismo que debe reproducir calquera texto con vocación de literatura, tampouco parece ocioso establecer a frecuente relación conflictiva do escritor co seu respectivo medio ambiente. Literarias, sen dúbida, foron as composicións poéticas non comprometidas das cortes provenzais, pero tamén atopamos literatura nas sátiras de Cervantes (1547-1616) contra os estatutos de limpeza de sangue, os ataques corrosivos dun Voltaire (1694-1778) á Igrexa do Antigo Réxime, o espírito revolucionario de Percy B. Shelley (1792-1822) ou o compromiso que un Albert Camus (1913-1960) mantén no Século XX. Trátase de dúas opcións que existiron dende os comezos da literatura: integrarse no mundo ou evadirse mediante a forma. Cuestións morais á parte, estes son os dous criterios do canon occidental e non parece acertado que Bloom oculte ó lector a alternativa ó seu esteticismo pateriano. Simplificador tamén resulta que o estudioso «demonice» o «multiculturalismo» e estableza maliciosas conivencias entre feministas, marxistas e lacanianos. Sendo evidente que un sector da crítica literaria norteamericana postula perigosas aproximacións sobre a cultura de masas e observa valores estéticos en subproductos culturais de pésimo valor, non resulta menos certo que autores marxistas como Raymond Williams e Fredric Jameson desmontaron minuciosamente a superficialidade implícita en semellantes ofertas. Sorprende así mesmo que Bloom non considere canónicas a Madame de Staël (1766-1817), Mary Wollstonecraft (1759-1797) ou Gertrudis Gómez de Avellaneda (1814-1873) se temos en conta a abundancia de estudos que as prensas universitarias estadounidenses dedican a estas autoras a pesar da «dificultade» que Bloom atopa na realización de estudos sobre «literatura imaxinativa» de épocas pretéritas. Harold Bloom acerta cando sinala os perigos do «populismo» que celebra videoclips de Michael Jackson e equipáraos como «textos» ás novelas de Carlos Dickens (1812-1870). O seu maior erro estriba, sen embargo, cando asume que o marxismo ou o feminismo deben subscribir necesariamente esa axenda cultural. O resentimento, segundo o autor, afecta ós que combaten os «Dead White Males» e ó máis puro esteticismo. Resentimento, nembargantes, atopamos nos que exclúen o compromiso, efectúan grotescas caricaturas da crítica feminista ou prescinden daqueles autores menos afíns ó seu proxecto, ideolóxico a pesar de que se escuden na máis pura esencia formal.

Harold Bloom establece diversas etapas na configuración do canon occidental: «Época Teocrática» -paralela á Idade Media- onde se produce unha exaltación dos deuses; «Época Aristocrática», exaltadora dos heroes, que comeza en Dante (1265-1321) e remata con Goethe (1749-1832); «Época Democrática», envorcada cara os seres humanos e iniciada coa Revolución Francesa (1789) ata a morte de Ibsen (1828-1906) e, por último, «Época Caótica», correspondente ó Século XX, testemuña do nefando multiculturalismo e anuncio, segundo observa Bloom, dun futuro integrismo cristián e musulmán na conivencia coa televisión universal, a *Universidade do Resentimento* e o poder omnímodo dos ordenadores. Dun período cronolóxico tan amplo o autor parte da «Época Aristocrática» ata os nosos días e escolle un total de vinte e seis autores para trazar o canónico, isto é, unha literatura, segundo Bloom, elitista, formada baixo severos criterios artísticos, non suxeita a ningunha responsabilidade política e reflexo da nosa continxencia como seres mortais.

Tódolos exemplos presentados polo autor configuran a súa alternativa fronte ós multiculturalistas promotores do resentimento feminista, africano, chicano ou asiático (p. 7). Harold Bloom non admite que ler ós clásicos nos poida facer mellores cidadáns (p. 16) e defende a independencia tanto do crítico literario coma do escritor (p. 23). As conclusións de *The Western Canon*, sen embargo, translocen escepticismo por asumir no seu epílogo o avance irreversible dos seus oponentes intelectuais e o establecemento en épocas futuras dunha teocracia «politicamente correcta». A obra, polo tanto, obedece a un criterio arqueolóxico: salvar para as vindeiras xeracións aqueles textos sepultados pola presente barbarie multiculturalista.

«The Aristocratic Age» (pp. 43-235) corresponde ó período no que a aristocracia exercía un xeneroso mecenado sobre as belas letras. Tres son as figuras que o estudioso salienta nestes séculos: Dante, Miguel de Cervantes e William Shakespeare (1564-1616). Deste trío sublime Bloom considera a Shakespeare como o mellor expoñente do canon occidental, «o maior poeta no dominio da linguaxe, quizais o maior poeta de tódalas linguas» (p. 171). A mención destes autores sèrvelle ó estudioso para definir o que determina formar parte do canon: un espírito universal «que impregna tódolos espacios, que non pode ser reducido» (p. 52). Harold Bloom condena nesta sección as aproximacións críticas do *New Historicism* influídas por Michel Foucault e Roland Barthes. Estas perspectivas negan a autoría intelectual, segundo Bloom, ó basearse en «enerxías sociais» e establecen unha perigosa equiparación de William Shakespeare e outros textos contemporáneos froito das mesmas enerxías (p. 52). Harold Bloom desestima o post-estructuralismo enfatizando a importancia do «Autor» fronte ó seu contexto (p. 90). O exemplo do dramaturgo británico constitúe unha continua referencia no bosquexo da súa persoal concepción sobre o literario: «A historia é máis ca historia da loita de clases, a opresión racial ou a discriminación sexual. *Shakespeare fai historia* paréceme unha fórmula máis productiva que *A historia fai a Shakespeare*» (p. 283). O crítico norteamericano combate tamén as metodoloxías feministas ou marxistas por pretender catalogar algo tan incatalogable como é o canon occidental (p. 68). Fronte a eles afirma a universalidade da obra literaria, escéptica e laica no seu desenvolvemento, non suxeita, en definitiva, a ningún tipo de coacción política, económica ou relixiosa (p. 159).

Unha posición intermedia entre os partidarios das «enerxías sociais» e aqueles que afirman a independencia do autor, se cadra permitiría alcanzar un achegamento razoable ó feito literario. Harold Bloom sinala con certeza os excesos daqueles que negan a súa importancia ó xenio creador e observa lucidamente a necesidade dunha forma artística á marxe doutras motivacións referidas ó seu contexto. Hai un aspecto, sen embargo, do que Bloom non debería prescindir: a manipulación do canon segundo intereses partidistas. Dentro do ámbito español, por exemplo, o noso grande teatro do Século de Ouro non pode desvincularse da exaltación nacionalista e relixiosa afín ós intereses do entón poderoso Imperio Español. A afirmación anterior non supón, de ningún xeito, rebaixar a importancia estética deses textos. Todo o contrario. Constitúen un legado cultural de valor incalculable pola súa riqueza lingüística e potencia expresiva. Outro tanto podemos advertir en similares manifestacións literarias occidentais. Harold Bloom sinálanos algo importante: o pracer estético implícito na grande literatura europea da «Época Aristocrática». Combinar ese recordatorio co estudio dos intereses que favorecen a formación do canon quizais permitiría matizar a discutible independencia atribuída polo crítico

norteamericano ós grandes autores occidentais. Non parece defendible que equiparemos a Shakespeare cos cronistas da corte isabelina, pero tampouco debemos caer na inxenuidade de considerar ós autores individuais alleos ó seu tempo e circunstancia. Percibimos certa incoherencia nihilista entre os que potencian exclusivamente o ideolóxico na configuración do canon. De ser certa esa premisa, destruíríamos o que hoxe entendemos por literatura pois sempre houbo motivacións extraliterarias que determinan prestixios e reputacións. Ser conscientes deses intereses e valorar ó mesmo tempo a dimensión estética das obras canónicas evitará tanto a disolución do literario coma a imposible negación do contexto socio-histórico.

«The Democratic Age» (pp. 236-367) reitera os valores que Harold Bloom atribuíña á literatura do período aristocrático. A época democrática, a xuízo do estudioso, queda inaugurada coas reflexións metapoéticas de William Wordsworth (1770-1850), superador da «poesía aristocrática» establecida polo poeta Petrarca (1304-1374) e os autores do «amor cortés». Sospeitosa resulta a mención da Revolución Francesa sen indicar simultaneamente o influxo da tamén importante Revolución Industrial, acaecida en Inglaterra dende mediados do Século XVIII. Ámbolos dous fenómenos foron definidos por Eric J. Hobsbawm como a «Revolución Dual», claves para entender o influxo do capitalismo e a revolución liberal no mundo que xorde tras 1789 (*The Age of Revolution, 1789-1848*, 1962). É este un dos momentos onde observamos as carencias metodolóxicas dunha análise dogmática centrada nos valores formais. Harold Bloom amosa a súa incapacidade para vincular o triunfo da burguesía do XIX coa emerxencia do xénero novelesco e o éxito de novelistas como Dickens. «Fose cal fose a súa ideoloxía, non a sabemos como lectores de Dickens» (p. 312) afirma Bloom. Novamente o canon -afín ó dominio da arte retórica e ó control dos recursos lingüísticos (p. 320)- parecería situar ó autor individual no dominio ambiguo da «alta cultura». O xenio artístico selecciona, segundo esta óptica, os valores ambientais máis pertinentes para os seus propósitos artísticos sen existir outro tipo de mediacións. O exclusivismo pateriano de Bloom forza entón o perigoso descoído de referencias ós feitos económicos, raciais ou de xénero que todo texto occidental reproduce na súa articulación, trazos formais á parte.

Polémicas nos Estados Unidos resultan algunhas das opinións vertidas sobre o canon norteamericano do Século XIX. Harold Bloom mentén a superioridade de Walt Whitman (1819-1892) e Herman Melville (1819-1891) sobre calquera produción escrita no país ata 1994. As razóns remítennos ó consabido esteticismo formal. Son autores cun xenio que transcende barreiras lingüísticas (p. 276) e amosan unha fecundidade interminable «porque representan o corazón e a cabeza en detrimento dos lombos [*sic*] ou os privilexios de caste, secta ou raza» (p. 278). Queira ou non, Harold Bloom está tomando partido na disputa académica aínda que se escude en Walter Pater. Situar a William Shakespeare no cume do xenio creador e describir a Whitman como «intérprete da esencia norteamericana», implica asumir a supremacía do anglosaxón sobre outras realidades alternativas a ese modelo.

«The Chaotic Age» (pp. 368-514) selecciona algúns dos exemplos máis representativos do canon occidental durante o «confuso» século XX, análogo na súa traxectoria literaria ó período que a crítica anglosaxona define como *Modernism* (1890-1930), independente do Modernismo hispánico, e simultáneo ó triunfo das vangardas en Occidente. Novamente a defensa do estético fronte á *Escola do Resentimento* permea as análises do estudioso. A Sigmund Freud (1859-1939)

defíneo como excelente parafraseador de William Shakespeare (p. 372). De Marcel Proust salienta como a complexidade dos seus personaxes impide os «reduccionismos psicolóxicos» dos inimigos do canon (p. 396) e mediante James Joyce (1882-1941) reitera a oposición entre unha «literatura imaxinativa» e o estéril multiculturalismo que xorde dende os anos sesenta. Tampouco Virginia Woolf (1882-1941) escapa dos ataques de Bloom pois, aínda que a súa valoración global da escritora non é negativa, o académico lamenta o «espírito tendencioso» da súa prosa feminista (p. 437). No seu celo por defender o canónico sen apoiarse no suposto adversario intelectual, Harold Bloom prescinde de ensaios marxistas como a *Dialectic of Enlightenment* (1944) onde Adorno e Horkheimer denunciaban precisamente aquilo que combate *The Western Canon*: o carácter espurio da cultura de masas destinada á manipulación do público, se ben é certo que os dous filósofos alemáns introducían termos tabú no léxico de Bloom: capitalismo e intereses mercantís.

Irónico é o destino nas conclusións finais do traballo composto por Bloom: quen denuncia o sectarismo racial dos estudos multiculturais reproduce, sen embargo, prexuízos de etnicidade, anglosaxona no seu caso. Non podemos entender doutra maneira a posición subalterna que o crítico asigna ás literaturas non inglesas na definición do occidental. A literatura medieval hispánica comeza con Jorge Manrique (1440-1479), segundo sosteñen as listas bibliográficas incorporadas ó final de *The Western Canon* (pp. 529-567). O Século de Ouro español redúcese a nove mencións de autores fronte ós máis de corenta dramaturgos, novelistas e poetas británicos coetáneos ós Séculos XVI-XVII. Xa no Século XX sorprende así mesmo que o autor nin mencione os ensaios de José Ortega y Gasset (1883-1955) se con anterioridade estableceu como «canónica» e «occidental» a prosa de Sigmund Freud. A mesma sorte corren as literaturas hispanoamericanas. Sorprende a exclusión do modernista Rubén Darío (1867-1916) cando o estudioso enfatiza con tanto ímpeto a relevancia da estética finisecular e a aparición no século XX dunha Modernidade oposta ó racionalismo decimonónico. Dos dous autores analizados no texto, Jorge Luis Borges (1899-1986) só se entende baixo o influxo da cultura inglesa (p. 464) e a Pablo Neruda (1904-1973) convérteo en digno herdeiro... de Walt Whitman (p. 476). A literatura francesa da Ilustración e o Romanticismo presenta tamén notables agravios comparativos fronte á proluxa enumeración de autores anglosaxóns do mesmo período.

Temos que sinalar o carácter polémico do libro de Harold Bloom, escrito nun momento axitado para as institucións universitarias norteamericanas. A especialidade do crítico é a literatura británica e por isto abundan na obra textos que teñen como primeira lingua o inglés. Nada habería que obxectar a esa selección se o título do ensaio fose «o canon anglosaxón». Unir, sen embargo, o futuro de Occidente ó da cultura anglosaxona en detrimento do «latino» e o mediterráneo, sitúa a Harold Bloom nun contexto específico aínda que o crítico o desminta dende o seu credo esteticista. Algunhas das súas observacións sobre certas metodoloxías resultan productivas por advertirnos sobre certos excesos populistas. Con todo, os matices apocalípticos tampouco resolven o conflito descrito nas páxinas de *The Western Canon*. Duras parecen as palabras emitidas contra o multiculturalismo e os seus representantes: «politólogos afeccionados, sociólogos ignorantes, antropólogos incompetentes e filósofos mediocres» (p. 521). Algúns poderían quizais encaixar nesa descrición, pero unha simplificación tan extrema como a que propón Bloom cae precisamente no espírito de secta co que caracteriza as metodoloxías xurdidas dos

anos sesenta e o post-estructuralismo. Definir ós Estados Unidos baixo un prisma hexemónico anglosaxón motiva que Bloom esqueza a presenza de poboación negra (13%) e hispana (17%) no país, feitos que poden facer máis comprensible o rechazo de certos grupos multiculturalistas a un canon que nega a súa identidade e perpetúa no seu mantemento dolorosas discriminacións.

O rexeitamento á responsabilidade política do intelectual na Universidade norteamericana é quizais o motor determinante na redacción do presente traballo. Harold Bloom desestima esa opción e outros, en cambio, os seus opoñentes, consideran ineludible participar nun proceso de cambio social. Mentras o debate segue o seu curso, recentes estatísticas oficiais do Departamento de Comercio norteamericano (*Statistical Abstract of the United States*, 1994) indican un feito significativo: dende 1960 ata 1992 os sectores «brancos» máis desfavorecidos pasan do 14,9% ó 9% fronte ó aumento da pobreza na poboación negra (30,9%) e hispana (26,2%). O mesmo proceso advertimos nos ingresos referidos á clase media nacional e ó aumento das distancias sociais entre os diversos grupos étnicos que conforman o país. Implicarse nesa coxuntura ou manter un férreo esteticismo non contaminado co medio ambiente exterior. Décadas futuras determinarán o porvir dunha ou doutra tendencia nos departamentos universitarios de Humanidades dos Estados Unidos.

Iñigo Sánchez Llama
Universidade de California San Diego